

Metodoloxía e a súa contribución á consecución das competencias clave

A UNESCO (1996) estableceu os principios precursores da aplicación da ensinanza baseada nas competencias ao identificar os piares básicos para a educación permanente do S XXI, consistentes en “aprender a coñecer”, “aprender a facer”, “aprender a ser” e “aprender a convivir”.

A OCDE leva a cabo varios proxectos dirixidos ao desenvolvemento dun marco conceptual que defina e identifique as “competencias necesarias para levar a cabo unha vida persoal e socialmente valiosa nun Estado democrático moderno”. Esta iniciativa DeSeCo (2003) define competencia como “a capacidade de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma adecuada”

Recomendación 2006/962/EC do Parlamento Europeo considera que “as competencias clave son aquela que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”. E identifica oito competencias esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e describe os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas.

Así pois, o coñecemento competencial integra tres compoñentes:

- **Saber dicir** ou coñecemento declarativo: conceptos, principios, teorías, datos e feitos.
- **Saber facer** ou procedimental, relativo ás destrezas, tanto á acción física como a mental.
- **Saber ser**, referido ao conxunto de actitudes e valores.

A aprendizaxe por competencias favorece os procesos de aprendizaxe e a motivación por aprender, debido a forte interrelación entre as súas compoñentes; non se adquire coñecemento conceptual (“coñecemento”) a marxe do seu uso, do “saber facer”; tampouco se adquiren destrezas en ausencia dun coñecemento de base conceptual que permita dar sentido á acción que se leva a cabo.

1. A Lei 8/2013 de 9 de decembro (Lomce) define as **competencias** como a capacidade de aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos e, a **metodoloxía didáctica** como a descrición das prácticas docentes e a organización do traballo dos docentes.
2. A Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, recolle a descrición das competencias, finalidade e aspectos distintivos, así como as claves de desenvolvemento que debe acadar todo o alumnado ao final da educación básica e o bacharelato
3. Deste xeito, partimos da estreita vinculación entre as **competencias** e os **obxectivos** das etapas educativas, co cal, a consecución de ditos obxectivos ao longo da vida académica leva implícito o desenvolvemento das competencias clave, para que todas as persoas poidan acadar o seu desenvolvemento persoal e lograr unha correcta incorporación á sociedade.
4. Os resultados da aprendizaxe defínense mediante os **estándares de aprendizaxe** observables, medibles e avaliábeis, que concretan o qué o alumno debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina, e permite graduar o rendemento ou logro acadado.
5. Así, un enfoque metodolóxico baseado nas competencias clave e nos resultados de aprendizaxe implica importantes **cambios** na concepción do proceso de ensinanza-aprendizaxe, cambios na organización e na cultura escolar, require a estreita colaboración entre os docentes

no desenvolvemento curricular e na transmisión de información dobre a aprendizaxe do alumnado, así como cambios nas prácticas de traballo e nos métodos de ensinanza.

6. A **metodoloxía educativa** constitúe o conxunto de decisións e actuacións que organizan a acción didáctica na aula, establecendo o papel desempeñado polos profesores e profesoras así como os alumnos e alumnas, os tipos de actividades que desenvolver, a organización espazo-temporal necesaria, os tipos de agrupamento, a utilización de medios e recursos didácticos, como se avalía e se retroalimenta o proceso...

Esta definición permite a posibilidade de desenvolver diversas metodoloxías co fin de conseguir as mesmas finalidades e obxectivos educativos, non obstante, esta diversidade metodolóxica deberá estar coordinada, fixando aspectos comúns que permiten apuntar algúns criterios orientadores á hora de tomar decisións na práctica docente.

7. Dado que as competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado, as situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento deberán incorporar tarefas que **contextualicen** as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. O enfoque metodolóxico deberá sustentarse en estas situacións de aprendizaxe coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia.

Polo tanto, unha vez fixados os obxectivos e tendo en conta, a natureza da materia, as condicións socioculturais, a dispoñibilidade de recursos e as características do alumnado, compre reflexionar como lles imos a ensinar. Temos presente que a aprendizaxe é un proceso social e persoal, no que cada individuo constitúe activamente os seus propios esquemas conceptuais, procedimentais e actitudinais ao relacionarse coas persoas e a cultura na que vive, particularmente decisiva é a dimensión comunicativa na aula, tanto nos aspectos informativos, como tamén nos socio-afectivos.

8. A aprendizaxe baseado nas competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral.

- **Transversalidade:** O conxunto das materias que forman parte do currículo deben contribuír á consecución das competencias clave establecidas, que á súa vez, cada unha das competencias alcanzarse como consecuencia do traballo en varias materias.

- **Dinamismo:** As competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implica un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño das mesmas.

- **Carácter integral:** Implica unha formación integral das persoas que, ao finalizar a etapa académica, serán capaces de transferir aqueles coñecementos adquiridos ás novas instancias que aparezan na opción de vida elixida. Poderán reorganizar o pensamento e adquirir novos coñecemento, mellorar actuacións e descubrir novas formas de acción e novas habilidades que lles permitan executar eficientemente as tarefas, favorecendo unha aprendizaxe ao longo de toda a vida.

9. No actual proceso de inclusión das competencias como elemento esencial do currículo, é preciso sinalar que calquera das metodoloxías seleccionadas polos docentes para favorecer el desenvolvemento competencial do alumnado debe **axustarse ao nivel competencial inicial** destes. Ademais, é necesario secuenciar a ensinanza de tal modo que se parta de aprendizaxes **más simples** para avanzar gradualmente cara outros **más complexos**.

10. Os métodos deben partir da perspectiva do **docente como orientador**, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado; ademais, deben enfocarse á **realización de tarefas** ou situacións problema, planificadas cun **obxectivo** concreto, que o alumnado debe resolver facendo un

uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores; así mesmo, deben ter en conta a **atención á diversidade** e o respecto polos **distintos ritmos e estilos** de aprendizaxe mediante prácticas de **traballo individual e cooperativo**.

11. Un dos elementos clave na ensinanza por competencias é espertar e manter a motivación cara a aprendizaxe no alumnado, o que implica un novo planeamento do papel do **alumno, activo e autónomo**, consciente de ser o **responsable da súa aprendizaxe**.

Os métodos docentes deberán favorecer a **motivación por aprender** no alumnado, a tal fin, os profesores han de ser capaces de xerar neles a curiosidade e a necesidade por adquirir os coñecementos, as destrezas e as actitudes e valores presentes nas competencias. Así mesmo, co propósito de manter a motivación por aprender é necesario que os profesores procuren todo tipo de axudas para que os estudantes comprendan o que aprenden, saiban para qué o aprenden e sexan capaces de usar o aprendido en distintos contextos dentro e fora da aula.

12. Para potenciar a motivación pola aprendizaxe de competencias requírense, ademais, **metodoloxías activas e contextualizadas**. Aquelas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais, serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiras.

13. Para un proceso de ensinanza aprendizaxe competencial as **estratexias interactivas** son as máis adecuadas, ao permitir compartir e construír o coñecemento e dinamizar a sesión de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas. As metodoloxías que contextualizan a aprendizaxe e permiten a aprendizaxe por proxectos, os centros de interese, o estudo de casos o aprendizaxe baseado en problemas favorecen a participación activa, a experimentación e unha aprendizaxe funcional que vai a facilitar o desenvolvemento das competencias, así como a motivación do alumnado ao contribuír decisivamente á transferibilidade das aprendizaxes.

14. O **traballo por proxectos**, especialmente relevante na aprendizaxe por competencias, basease na proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un determinado resultado práctico. Esta metodoloxía pretende axudar ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando o seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. Favorece, por tanto, unha aprendizaxe orientada á acción na que se integran varias materias: os estudantes poñen en xogo un conxunto amplo de coñecementos, habilidades ou destrezas e actitudes persoais, é dicir, os elementos que integran as distintas competencias.

15. Así mesmo, resulta recomendable o uso do **portfolio**, que aporta información extensa sobre a aprendizaxe do alumnado, reforza a avaliación continua e permite compartir resultados da aprendizaxe. O portfolio é unha ferramenta motivadora para o alumnado que potencia a súa autonomía e desenvolve o seu pensamento crítico e reflexivo.

16. A selección e uso de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial da metodoloxía. O profesorado debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Debemos potenciar o uso dunha **variedade de materiais** e recursos, considerando especialmente a integración das **Tecnoloxías da Información e a Comunicación** no proceso de ensinanza aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

17. Finalmente, é necesaria unha adecuada **coordinación entre os docentes** sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. O equipos educativos deben propor unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas con criterios comúns e consensuados. Esta coordinación e a existencia de estratexias conexas permiten abordar con rigor o tratamento integrado das competencias e progresar cara unha construción cooperativa do coñecemento.

14. Para a consecución do enunciado nos apartados anteriores deberán incorporarse estratexias metodolóxicas que, entre outras características:

- Estean orientadas ao **logro dos obxectivos** relacionados cos competencias, cara o “saber facer” que se aplica a diversos contextos. Ditas estratexias contribuirán a capacitar ao alumnado para a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, a incorporación satisfactoria á vida adulta e o desenvolvemento dunha aprendizaxe permanente ao longo da vida.
- Favorecen unha **aprendizaxe significativa** que parta das experiencias, ideas e concepcións previas do alumnado e estratexias utilizadas na etapa anterior, téndoo en conta no deseño da secuencia de actividades. Favorecendo a súa implicación por medio da elaboración, consolidación e maduración de posicionamentos e conclusións persoais acerca dos contidos traballados. Buscaranse, polo tanto, que os contidos e as actividades propostas sexan lóxicos e axustados no nivel de formulación ao contexto, evitando aprendizaxes superficiais, e probablemente inútiles, dos coñecementos e procedementos científicos.
- Buscan a **funcionalidade do aprendido** fóra do ámbito escolar, desenvolvendo proxectos de investigación escolar sobre problemas do contexto diario do alumnado e do seu contorno e propoñendo actividades que relacionen os contidos estudados coa vida cotiá; favorecendo a actitudes e motivacións positivas vinculadas ao propio proceso de aprendizaxe.
- Fomentan a **autonomía e a responsabilidade** do alumnado, desenvolvendo a creatividade, a iniciativa, a capacidade de tomar decisións e potenciando a súa capacidade de planificar e autoavaliarse para controlar e regular o propio rendemento.
- Fornecen as **habilidades de traballo intelectual** básicas (buscar, seleccionar e tratar a información; ordenación das ideas, comparación e xerarquización; relación dos coñecementos adquiridos nas distintas materias...) que lle permita aprender de forma autónoma. Dende todas as materias se traballará a comprensión e a expresión oral e a escrita, fomentando a lectura, o uso da biblioteca, o uso dos medios audiovisuais e informáticos. Proporase a elaboración de monografías ou traballos para fomentar a autonomía na obtención, análise e procesamento da información procedente de diversas fontes e aprender a comunicarse, normalizar o uso de vocabulario técnico específico de cada materia e promover o seu uso na produción oral e escrita.
- Xeran un ambiente propicio na aula, que fomente a **participación, a reflexión e o análise crítico**, establecendo plans de traballo e dinámicas de aula adecuadas para favorecer esa participación, o diálogo e o debate na clase. Fomentar o traballo en grupo e a cooperación entre iguais para mellorar a capacidade de autoaprendizaxe.
- Dan **resposta á diversidade** nas aulas mediante propostas didácticas abordables dende diferentes niveis de formación, con actividades variadas, de diferente grao de complexidade e secuencia de ensinanza-aprendizaxe que se adapten aos distintos ritmos do alumnado e ás necesidades do grupo, coa utilización variada de técnicas, medios e recursos, e con organizacións diferentes do espazo e do tempo.
- Proporcionan un **enfoque multidisciplinar** do proceso educativo, formulando propostas de traballo que relacionen diferentes disciplinas que propician aprendizaxes integradores dos contidos das diferentes materias, o que esixe o traballo coordinado dos equipo docentes.
- Empregan instrumentos de avaliación continua diversos e numerosos adaptados ás condicións de aprendizaxe do alumnado que impulsan unha **avaliación formativa**, que nos permita introducir cambios nas secuencias de ensinanza aprendizaxe e na propia práctica docente.
- Aplican **métodos activos** que fagan o alumnado o protagonista e centro da súa aprendizaxe. Estas han de apoiarse en estruturas de **aprendizaxe cooperativo**, de forma que, ao través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares.